



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

**ACTA Nº 2021/9**

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**

**- CASA DO CONCELLO, VENRES 17 DE DECEMBRO DE 2021 -**

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

**ASISTEN:**

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

OLALLA BENLLOCH LEMA

MANUEL CARAMES LOPEZ

MONICA VILELA VILELA

CARLOS FERNANDEZ CONCEIRO

SANDRA VILELA RIVEIRO

SOFIA LOPEZ SIMON

**AUSENCIAS:**

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

TANIA ROMERO GARCIA

JAVIER LEMA SUAREZ

**SECRETARIA: Dna. Rosa Ana García Fernández**

**INTERVENTORA: Dna. Mónica Iglesias Prego**

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

- 1.- Aprobación acta sesión anterior
- 2.-Acordo sobre ratificación convenio de colaboración
- 3.-Subvención nominativa para arranxo estrada de Leis
- 4.-Moción Grupo Municipal do PP sobre programa "NEXT GENERATION"
- 5.-Dar conta decretos de Alcaldía
- 6.-Control órganos de Goberno. Rogos e preguntas

**1.- Aprobación acta sesión anterior**

Queda aprobada a acta da sesión anterior celebrada o día 17 de decembro de 2021, coa abstención de Dna Mónica Vilela e D Manuel Caramés que non asistiron a ela, e os votos a favor do resto.



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

## 2.-Acordo sobre ratificación convenio de colaboración

O Sr Alcalde explica brevemente este asunto dictaminado favorablemente pola Comisión informativa correspondente.

Sen xerarse debate , o pleno por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

Ratificar en todo o seu contido o Convenio asinado pola Alcaldía con EDP Renovables España SLU, o 1 de decembro de 2021, que será recollido en Anexo a este acta.

## 3.-Subvención nominativa para arranxo estrada de Leis

O Sr Alcalde explica : “Nun proceso necesario para facer a estrada de Leis e fruto de negociacións co Presidente da Deputación e esta Alcaldía para a concesión dunha subvención nominativa, obtivéronse 200.000€ da Deputación Provincial. Proponse acordo neste sentido polo Pleno para a súa posterior remisión á Deputación Provincial.”

Intervén seguidamente a voceira do PP , Dna Sandra Vilela: “Votaremos a favor pero creo que iste é un exemplo da xestión deste goberno, pois anunciou esta estrada o 30 de outubro de 2020, fai máis dun ano, montaron en Leis un atril, e realmente non había nada. O proxecto ´é de 2021 e a petición deste mes. Estamos acostumados a que anuncie aos vecinos historias que non o son e foi a raíz dunha intervención do PP na Deputación cando vostede se puxo a traballar.”

D Carlos Fernández Concheiro expoñe: “ Alégrome de que se chegue a este acordó por fin, é unha boa noticia para os vecinos de Leis.”

Dna Mónica Vilela manifesta no seu turno: “ Votaremos a favor. Xa estaba feita unha parte desa estrada e esta sería unha continuidade. A ver se se fai antes do final da lexislatura.”

Sometido o asunto a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

-Ratificar a petición de subvención nominativa realizada polo Alcalde ante a Deputación Provincial en todo o seu contido e que reflicte a continuación:

*Santiago Toba Campaña, Alcalde do Concello de Muxía,*

**EXPOÑE:**

*No seu día, con aportación da Deputación Provincial da coruña, este Concello levou a cabo o arranxo dunha parte da estrada que conduce do lugar de Os Muiños a Leis. Trátase dunha vía pola que discorre o Camiño*



**CONCELLO DE MUXÍA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

de Santiago e que tamén dá acceso a importantes lugares de interese turístico como son as praias de Lago, os Muíños e Leis.

Por razón orzamentarias naquel momento realizouse o arranxo nun tramo desa estrada, en concreto o tramo que vai desde Os Muíños á Praia de Lago. A estrada continúa ata o lugar de Leis e o linde co Concello de Vimianzo.

O estado do firme no tramo que falta por executar (Praia de Lago-Leis) é moi deficitario, con numerosos baches e estreitamentos. Por outra banda nalgún núcleo polo que a vía discorre, fariáanse melloras que aumentarían a seguridade dos viandantes (moitos deles peregrinos) e adecentaríase a súa estética.

Este concello polos seus propios medios económicos non pode acometer a inversión que require o seu arranxo, e non pode tampouco acudir a outras subvencións ou Plans da Deputación Provincial con convocatorias a día de hoxe pechadas, e os que se propuxo polo concello obras moi prioritarias como abastecementos de auga a poboacións ou accesos en mal estado, únicos para chegar a algún dos lugares. Tamén o importe previsto da actuación que agora se propoñe suporía ter que dedicar todos os fondos do POS para elo e non se poderían atender outras peticións.

Trátase polo tanto dunha inversión de interese supramunicipal como o é o propio Camiño de Santiago, e para a Deputación Provincial tanto como entidade de cooperación cos concellos na prestación por eles de servizos de carácter mínimo, como son as vías públicas e accesos aos núcleos de poboación, que como entidade impulsora do turismo e cultura na provincia.

Este concello e o de Vimianzo co que linda esta intervención darían unión así a un proxecto de importancia para ambos.

O importe desta actuación é de 200.000€.

**SOLICÍTASE:**

Unha subvención para o fin exposto por importe de 200.000€

O Alcalde

-Aprobar o proxecto de "Mellora do Viario entre o núcleo de Leis e o Límite municipal de Muxía", por importe de 200.000€ (Ive engadido).

#### **4.-Moción Grupo Municipal do PP sobre programa "NEXT GENERATION"**

A petición da voceira do PP e previa votación con sentido favorable e unánime, este asunto queda sobre a Mesa para a actualización e reforma do seu contido.

#### **5.-Dar conta decretos de Alcaldía**

A secretaria explica que se da conta ao pleno dos Decretos de Alcaldía asinados entre o 16 de marzo ao 13 de decembro de 2021



**CONCELLO DE MUXÍA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

De acordo co establecido no ROF o Sr Alcalde manifesta que quere presentar, para o seu tratamento por urxencia como proposta do grupo municipal do PSOE, un escrito que para o seu destino a Pleno, presentou no día de hoxe a Confraría de Pescadores Virxe da Barca de Muxía.

Manifesta que o considera urxente por: “considerar que hai moita presión actualmente sobre algunha das partes que participaron na negociación froito dunha situación complicada entre percebeiros e extractores de mexilla. Outro motivo para a urxencia é a defensa da tempada alta en zonas protexidas.”

Sometida a urxencia a votación, queda aprobada por unanimidade dos membros integrantes do pleno, pasándose a continuación ao tratamento do fondo do asunto.

O Sr Alcalde procede á lectura da proposición, manifestando o seu agradecemento á Conselleira do Mar pola súa actuación neste asunto. Manifesta asimismo os seus parabéns á Confraría polas súas xestións ao respecto.

Intervén seguidamente Dna Sandra Vilela: “Votaremos a favor e queremos aproveitar tamén para dar os parabéns aos percebeiros por que é un conflito que existe dende fai anos e son boas as pequenas victorias. Agradecemos á Consellería do Mar a súa protección a Costa de Muxía. Esas zoas non podían estar sen protección porque é o mellor percebe do mundo.”

Carlos Fdez manifesta: “É unha moi boa noticia para todos e para Muxía e a Costa da Morte. A asociación de percebeiros mandou este escrito a todos os grupos municipais e queremos felicitalle por esta moción, que pide diálogo, de forma razoable e sen aspaventos.”

Dna Mónica Vilela tamén dá os parabéns a todos e as grazas por remitirle tamén a moción.

Sometida a moción a votación, o Pleno por unanimidade acorda a súa aceptación e:

- 1.- Amosar o seu apoio ao colectivo de percebeiros integrado na Cofradía con sede no termo municipal, ante a situación de discrepancia xurdida en relación á extracción de percebe e mexilla e ante as desconsideracións vertidas cara ao seu traballo e labor organizativo.
- 2.- Demandar o establecemento dun proceso de negociación e diálogo no que se manteña o respecto cara ao sector percebeiro, e que se manteña o respecto cara ao sector percebeiro, e no que procuren fórmulas para que ambos colectivos poidan desenvolver a súa tarefa extractiva con compatibilidade e observancia mutua cara a sustentabilidade da actividade dos percebeiros e bateiros.



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

A continuación Dna Sandra Vilela anuncia a presentación dunha moción por urxencia, da que dá copia aos integrantes do pleno.

Manifesta: “Consideramos que é urxente pois antes do 9 de febreiro temos que ter aprobado o POS e dado que se falou antes de que se ía chegar a un acordo ao respecto e non temos noticias, pedímolos así.

Sometido a votación o tratamento por urxencia da moción, votan a favor dela os dous integrantes presentes do grupo municipal do PP, o Sr Fdez Concheiro, Dna Mónica Vilela e D Manuel Caramés. Votan en contra os tres integrantes do grupo municipal do PSOE.

A Secretaria informa que tendo en conta que segundo o establecido na Lei7/85 para o tratamento deste asunto por urxencia tería que obterse a maioría absoluta de votos a favor, que no caso do pleno deste Concello sería de 6 votos. Non obténdose a mencionada maioría absoluta, non pode ser tratado o asunto.

#### **6.-Control órganos de Goberno. Rogos e preguntas**

Intervén seguidamente o Alcalde: “Uha vez que lle saíu mal á oposición querendo impoñer as obras, quero facer un anuncio formal que tiña previsto de propoñer unha mesa de diálogo por medio por exemplo dunha comisión de urbanismo para levar proposta para o POS 2022.”

Dna Sandra Vilela volve a intervir: “O primeiro vai ser un rogo aínda que aínda que e non a podemos debater. Vostede fala de dialogar e entendemos que quere dialogar polo periódico. Di que vai facer unha comisión de urbanismo e quere facer unha serie de propostas, e a oposición quere facer outras, entre elas a segunda fase do saneamento de Frixe que xa estaba acordada, os camiños interiores de Sorna, etc., propostas que tamén ten vostede e que limos no seu facebook, e a vostede parécelle mal que a oposición traia isto a pleno. Teremos que facelo en Facebook. Rógolle que , a pesar de non poder debater a moción, se teña en conta esta proposta cara ao POS, e se realmente ten vostede vontade de dialogar a teña en conta.”

Dna Sofía López intervén, advirtíndolle o Sr. Alcalde que non está no uso da palabra. Despois de dúas interrupcións máis o Sr Alcalde expúlsaa do Pleno sendo as 21,30 h.

Intervén seguidamente D. Carlos Fdez: “ Non me podes negar que fai semanas que falei contigo e me dixestes que negociarías só connigo. Estiven esperando e entereime polo facebook de que as obras xa están pensadas. Cando se negocia algo se fan propostas para levalas nun pleno, nunha comisión, pero non no facebook. Hai tres obras das que propoñemos que xa estaban faladas. Non

c reo que haxa problemas coa segunda fase do saneamento de Frixe ou coa depuradora de Quintáns. Propoñemos a de Sorna que tamén a propoñes tí no facebook. O resto do POS queda liberado para que propuxeras o que queirades .Qué problema hai?”



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

O Sr Alcalde intervén: “ Entendo que vostede está incómodo por unirse de novo aos grupos políticos para facer unha xogada que lles saíu mal, pois pretendían quitar ao goberno deste tema. Non me poden decir como facer as cousas e os anuncios aos veciños. Vostedes son maioría pero nós gobernamos.”

Intervén seguidamente Dna Sandra Vilela: “ O POS son 540.000€ e o que propoñemos non chega a esa cantidade. No resto do POS propoña as obras que vostede considere. Isto é un pleno e nel

d amos a coñecer aos veciños as obras do escrito. De catro obras, tres xa están faladas con vostede. Presentámolo donde debemos, non hai ningunha ocultación. Foi dictatorial a expulsión da nosa compañeira, que non lle faltou ao respecto nin alterou a orde e á que voi acompañar agora”.

Sendo as 21,45 horas abandonan o Pleno os concelleiros do grupo municipal do PP, D. Carlos Fdez, Dna Mónica Vilela e D Manuel Caramés.

Ás 21:48 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, martes 11 de xaneiro de 2022

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña